



COMUNICADO C.R.D.O.R.S. 6 de novembro 2020

A D.O. Ribeira Sacra solidarízase co sector da restauración e hostalería

As medidas anunciadas o pasado 4 de novembro para o control da Covid19 en Galicia supoñen, entre outras, novas limitacións para o sector da hostalería e a restauración. Os establecementos do sector están obrigados a peche de actividade, permitindo a entrega a domicilio ou a súa recollida no local para consumo a domicilio.

A **Denominación de Orixe Ribeira Sacra** manifesta o seu apoio ao sector da hostalería e restauración, nestes momentos de crise sanitaria onde se ven enfrontados a un novo peche nun sector interdependente co sector do viño.

O **Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez**, amosa o seu apoio e ánimo para o sector neste momento de crise global, *"O sector do viño somos un sector partícipe do sector da restauración e solidarizámonos con el. É un sector moi unido a nós e en momentos tan complicados necesitamos da colaboración de todos."*

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org